

VALCÁRCEL, Marcos & MUÑOZ SAA, Begoña (ed. y est.), *Xabier Prado 'Lameiro' Obra completa*, Concello de Ourense, Ourense, 1995, vol. III.



UN HOME DE SORTE

MONÓLOGO GALLEGO

PERSONAXE

Mingos Home de satenta anos.



AUTO ÚNECO

A escena representa unha sala ou sobrado calquera, con portas ó foro e laterales practicable.

Ó erguerse o telón, apagarase a luz da sala. A escena aparece deserta. O actor, aprobeitando a escuridade da sala, entrará nesta e sentarase nunha butaca que xa haberá valeira. Cando vexa que xa leva un anaco o púbrico agardando que salía algo ó escenario e que a xente comenza a marmurar da agarda, escomenzará a falar dendes do seu asento, e dispoixas irá faguendo a según o papel di:

MINGOS: ¡Home... é bunito esto; afellas me gusta! (*Pausa*).
¿Va que se botaron a durmir os comediantes? ¡Teñen boa présa, ho...! (*Erguéndose*). Eu vou alá a ve-lo que acurre; custoume os meus cartiños entrar niste sobrado, e non estou disposto a perde-los. (*Camiña cara o escenario e sobe. Logo vai de caixa en caixa berrando*).
¡Chachos! ¡Ei! ¿Onde estades? (*Vendo que ninguén lle responde, encárase co púbrico*). ¡Coiro; son un home de sorte! (*Pausa*). Eu son de Lamela. Teño satenta anos feitos. Antronte chegou das Amérecas o fillo do Manoel o Folgado, e tantas e tales cousas me contou das comédeas que se fan nas vilas, que hoxe pola mañán díxennlle á miña parenta:

—Envólveme duas longaízas e un anaco de bica nun pano, que me vou a ciudá.

—¿E eso? —dixo ela pasmada.

—E eso, que vou vello e non quero espichala sin ve-las comédeas.

—¡Ah, toleirón, toleirón!

—Está dito —rosmei.

E sin máis conversa, acadei a burra, senteime nela e viñen pra acá.

Gardei a burra no banco do ferrador onde meu sirvo, e dispoixas púxenme á percura desta casa. Pergunta que te perguntarás, andiven pra ahí coma tres légoas ben feitas, porque a cantos lle perguntaba, cantos me guiaban do robés. ¡Fillos da nai...! Boeno, casi me figueron un ben, porque dise xeito vin o que non vira se me poñen en dereitura.

En cabo topei cun home que traguía unha roupa deferente da dos máis, e que debe sere unha boa ialma, e díxome:

—Elí, naquela casa que temos diante; arrímese aquíl ventanuco e pida unha entrada.

Fun, sin lle da-las gráceas porque coidei que tamén mintía, asomei as ventas pola bufardiña e díxenllo on home que elí estaba:

—Díame o que se percise pra ve-las comédeas.

—Pra eso le pódio dar moitas cousas; vosté dirá.

—¿E logo, como son esas moitas cousas?

—Son asegún los cartos que quiera gastar.

—Pois entón, meu santo, diame esí coma cousa de seis ou sete cadelas deso.

—Por ises cartos nada le poido dar —díxome.

—¿Entón, canto val o máis barato?

—Una peseta.

—¡Carafio; vinte cadelas! Pro, boeno; veña logo, que viñen a pé feito pra esto, e non é cousa de me largar sin velo.

Conque, meus amiguiños del Señor, batín unha pesetiña, e doume en troques un papeliño coma pra envolve-lo cigarro.

Dispoixas, vin que a xente entraba por unha porta

que estaba elí preto, e fun e entrei eu tamén, mais, un home que elí estaba, pidíume o papeliño, e sin máis voltas, quedouseme cu íl. ¡Ai, rabia te nunca coma, fillo dun raio!, dixen eu. ¿Entonces acabo de poutar catro reás por íl, e vas vir ti coas maus moi lavadas é vaste quedar por dono? Vínache ben, merliño.

—Veña, veña —díxenlle.

—Tire pra diante —dixo.

—¡Mais tiro! Ou me da-lo papel ou che baixo un fungeirazo que te fendo. Olla que de min non fa-la bulra ti nin a nai que te pariu. ¿Ou en que estamos? Eu vello sonche, pro aínda me non coféa calisquera. (Pausa). Boeno; que mo non quixo dar; que erguín a caxata e ceibeilla nun hombreiro; que veu un menistro do auntamento, ou do xugado, ou de non sei onde, e chimpanpoume fóra. ¡Ira de Dios! Escomencei a berrar, adocido polo aldraxe que se me faguía, hastra que veu un señor, e enteirado do que me pasaba, díxome que calase e que agardase por íl. Agardei unha miga, e dispoixas veu e doume un papeliño doutra color do que eu tivera, e díxome:

—Tome; entre por aquela outra porta.

Entreí, e outra vez outro munifate que elí estaba me quería rapa-lo papel, pro, seica tiña unha miga de conciencia, e somentes lle me tirou un anaquiño e doume o resto. ¡Condanados, sin algo nas uñas nin pra o demo se quedan!

Entreí niste sobrado en cabo, e senteime nunha silla; inda me non sentara ben, chega un señor e dime:

—Iste sitio es meu.

—Será si señor, —dixen.

Erguínme e fun pra outra silla, e volta a me botar fóra outro. Séntome noutra, e a mesma múseca. ¡Ai, que rabia de choio iste! dixen; cando nesto, ven outro munifate e dime que lle día o papeliño.

—Dou porras, —dixen eu—. ¿Seica che viña ben? pois vai a mercalo; pro, o mesmo señor que mo dera, arrimouse e díxome:—Díaselo, que es para ver el número del asiento. Dínllo, e levoume ó canto onde eu estaba sentado agora.

Boeno, pois dispoixas de tantas zaramalladas, e desgustos, agora resulta que os comediantes fuguiron, e eu vou ter que me volver pra Lamela sin ve-las comédeas, e cunha peseta de menos na balsa.

¡Teño boa sorte, ho!... (*Nesto olla pra concha e ve ó apuntador*).

¡Ai, centella me non abrase! andades por baixo da terra como as toupeiras, ¿eh?... ¿E ti que fas ehí, ho? Bota fóra. ¡Ala xá! Bota fóra e vai percura-los compañeiros e que veñan fague-lo conto, porque senón, vaise armar unha pallougada do demo. ¿Ti vas, ou non vas? (*Erguendo a caxata*). ¡Mira que te come un raio! (*Ameazando darlle coa caxata. O apuntador entón desaparece*). ¡Ai, rabia; sumíuse! (*Ollando pra dentro da concha*). Esto é de por forza arte do demo. No, pois... eu seguir sígote. (*Métese pola concha*). A min os cartiños ninguén mos leva esf de leria. (*Desparece e dalí a un pouco sai novamente da concha, todo lixoso*).

Nubláronse os condanados. Eu non sei por onde rabia fuguiron. Nise encobo non se ve palmo de terra. ¡Vaites que che foi unha boa amoladela! (*Pausa*).

No pois... eu inda me non conformo, coiro. vou rexistra-la casa, e imos ver en que para o choio. (*Sai da escena moi decidido. Pasado un pouco tempo, entra de novo*).

Pois, amiguiños de Dios, hai que desemular. Andiven por alá dentro, e dispois de mil traballos e de levar catro cotoñadas escontra paus e lenzos dependurados, din cos comediantes nun sobradiño pequeno. Endexamáis tal encontro tivera; aquilo da delor. Unha das comediantas, boa moza por certo, estaba estarricada no chau, bafexando e escumando pola boca como un can adoecido; as outras choraban coma Madanelas. Os homes agarraban da do chau por brazos e pernas, porque estrapexa que pon medo, e un tíñalle a biqueira do zapato metida antre os dentes pra que os non crebase ó rinchalos. Cando eu entrei, coa caxata erguida xa, escomenzaron todos a pidir por Dios que os non mallase, que xa eu vía o que elí pasaba; que mañán faguerían as comédeas. Eu, a verdade, déronme lástema, e camiñei delí.

De modo e de maneira, que hoxe non pode habere comédeas, e eu pra mañán non podó agardar, porque teño unha toura, con premissa, cunha grandísema destemplación, e se eu non a coido, se cadra mórreme. ¡No, ser... fixen un bo viaxe! (*Pausa*).

E digo eu: ¿habería entre vostés algunha alma cristiana que me quixese enteirar, pouco máis menos, de como son as comédeas eiquí na vila?... Ninguén, ¿verdade? ¡Válgate Dios! (*Pausa*).

Eu inda me acordo algo das que se faguían noutro tempo nas aldeas pola romaría do Patrón. E estaban bunitas, afellas; pro coido que as deiquí han campar ben millor. Aquela que se faguía en Seixalvo pola Santa Agueda... ¡Que xeitosa era!... Cando o Tarabelo, vistido de Rei, lle dicía á filla do Masón, que faguía de Santa:

—Aguéda: por los ídolos no adurar, los peitos te voi curtar. E entón saía o Nacho do Piñeiral e berraba:

—Que se los cuerten, que se los cuerten. Ahí va el coitelo.

E guindaba ós pés do Rei o coitelo de mata-los marraus.

¡Ou, que cousa mais ben zapateada...!

E aquela outra que faguían en terras do Ribeiro na que saía o fillo do Pingapouco de Pousadoiro cun traxe que mesmo somellaba a sota de espadas, e falando coa neta do Escanillado de Parada, que faguía de filla do Rei, dicíalle us versos que mesmo daba xenio de oubilos, e dispoixas, enrabechado, espetaba un coitelo nunha vincha de marrau chea de viño que levaba aculta no seo, e ceibábase no chau coma morto, namentras ela daba un berro que se oubía na ponte de Ourense, e caía tamén coma si a fendera un raio... ¡Que manífico estaba aquilo!

Ólla que eu se me poño, inda me acordo do que o Pingapouco dicía, e van alá pra cincoenta anos que o oubín. (*Pausa, como querendo lembrarse*).

Dicíalle íl:

Si me dispicias a mí
porque soy higo de probe;

si porque no nací noble
 te bulras de mín esí;
 si porque coidas que non
 soy de abondo destruído,
 me revolves el sintido,
 me tronzas el curazón,
 yo non agoanto tal feito
 y escontra dñl me rebelo
 espetando iste coitelo
 en mi delorido peito.
 —¿Que vas hacer, disgraciado?
 di a neta do Escanillado;
 e o Pingapouco contesta:
 —Matarme como una besta.

E, ¡zumba!, espetaba o coitelo na vincha e zapateábase ó chau, teso como un fungueiro. Aquelo mesmo puña os cabelos cara arriba. (*Pausa*). ¡Tempos, tempos...! (*Pausa*).

Boeno: pois, amiguiños, peseta máis mal gastada que a que me lamberon, non a coñecín. ¡Vaites, Mingos, que che mereceu a pena de vires dendes de Lamela, e apañar as rabieiras que apañaches!...

Boeno... eu, polo si ou polo non, vou á bufardiña onde me paparon os cartos a pidir que mos devolvan. Se mos non devolven, voume unde un avogado perguntar se teño dereito a que mos devolvan. Se me dí o avogado que non, vou unde outro; malo será que non atope cun que me día a razón, e dispois, zorrégolle unha demanda, inda que teña que gastar catrocentos reás. A peseta que me zugaron, hana cuspir.

Boeno, meus amigos: que lles vaia ben a todos, e desemular se algunha falta tiven; e se algún día lles cadra de pasar por Lamela... métanse por un atallo que hai por baixo do lugar, que lle están os camiños perdedíseos.

Boas noites.